



OS NOSOS NOMES

COMO GALEGUIZAR O TEU NOME E APELIDOS

1. Na partida de nacemento

Cómpre ir persoalmente ao Rexistro Civil onde estea rexistrado o teu nacemento. Alí tes que solicitar, en primeiro lugar, unha fe de vida. Unha vez que a teñas, debes presentar no Rexistro unha instancia solicitando que se proceda á galeguización do nome ou dos apelidos, ao abeiro da Lei 40/1999. A esta instancia debe acompañala unha fotocopia do DNI e da fe de vida. Por último, debe solicitar unha certificación deste cambio no Rexistro.

2. No carné de identidade

Dirixe unha instancia á comisaría que che expediu o carné de identidade, solicitándolle que, ao abeiro da Lei 40/1999, se proceda á corrección do nome e/ou dos apelidos, rexistrándoos na súa forma actual. Debes achegarlle conxuntamente a certificación do Rexistro Civil.

3. Na restante documentación de uso persoal

Progresivamente, procede á galeguización do nome e/ou dos apelidos na restante documentación: carné de conducir, tarxeta do SERGAS, recibos da auga, luz, gas, teléfono, contas bancarias... A tramitación, na maioría dos casos, consiste simplemente en presentar o DNI en que xa figure o nome e apelidos na súa forma galeguizada.

Outra información de interese

- Toda a tramitación é de balde.

- Existe un compromiso por parte dos rexistros civís para seren eles mesmos os que se encarguen de oficio das xestións sobre as formas correctas en galego de nomes e apelidos, diante dos organismos competentes (Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega).

- *Diccionario dos nomes galegos* da editorial Ir Indo é criterio de autoridade, segundo decidiu a Real Academia Galega na súa sesión do 4 de xullo de 1992. Xa que logo, calquera das formas que aparecen como entrada ou como variantes neste dicionario son correctas en galego.

- Nos casos en que se denegue a galeguización, pódese interpoñer os correspondentes recursos previstos na Lei do rexistro civil e no seu Regulamento.

- De necesitares un informe sobre o teu nome ou apelido para estes efectos, podes tamén solicitalo no Servizo de Normalización Lingüística.





OS NOSOS NOMES

MODELO DE INSTANCIA PARA SOLICITAR A GALEGUIZACIÓN DO NOME

Sr./Sra. Xuíz/a do Rexistro Civil de
D./Da
titular do documento de identidade número e
con domicilio en
perante vostede comparezo e expoño:

Que ao abeiro do disposto no artigo 54, liña terceira, da Lei do 8 de Xuño de 1957, do Rexistro Civil, alterado polo artigo 2 da Lei 40/1999, do 5 de Novembro, sobre nome e apelidos e orde destes, realizo a seguinte

Declaración:
Manifesto a miña vontade de que sexa substituído o nome propio
que figura na inscrición de nacemento existente nese Rexistro, por
que é o seu equivalente onomástico en lingua galega.

En razón do exposto,

Solicito:

Que, admitido a trámite este escrito –co que achego fotocopia do documento de identidade e certificación literal da partida de nacemento–, acorde a práctica da anotación marxinal de substitución do nome no folio correspondente do rexistro de nacemento, na forma correcta anteriormente expresada.

....., de de 200...

Asinado:

MODELO DE INSTANCIA PARA SOLICITAR A REGULARIZACIÓN ORTOGRÁFICA DOS APELIDOS

Sr./Sra. Xuíz/a do Rexistro Civil de
D./Da
titular do documento de identidade número
e con domicilio en
perante vostede comparezo e expoño:

Que ao abeiro do disposto no artigo 55 liña sexta, da Lei do 8 de Xuño de 1957, do Rexistro Civil, alterado polo artigo 2 da Lei 40/1999, do 5 de Novembro, sobre nome e apelidos e orde destes, e do artigo 198 do Regulamento do Rexistro Civil, aprobado por Decreto do 14 de Novembro de 1958, na redacción dada polo Real Decreto 193/2000, do 11 de Febreiro, realizo a seguinte

Declaración:
A grafía do meu apelido que figura na inscrición de nacemento existente nese Rexistro, isto é
Non se adecúa á gramática e/ou fonética da lingua galega, polo que manifesto a miña vontade de regularizar ortograficamente o dito apelido, e para o substituír por
que é a forma correcta de acordo coa onomástica galega.

En razón do exposto,

Solicito:

Que, admitido a trámite este escrito –co que achego fotocopia do documento de identidade e certificación literal da partida de nacemento–, acorde a práctica da anotación marxinal de substitución do apelido no folio correspondente do rexistro de nacemento, na forma correcta anteriormente expresada.

....., de de 200...

Asinado:

